

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE REALIZADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 11 DE OUTUBRO DE 2012

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 8:40 horas do día 11 de outubro de 2012, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente don Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria urxente convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Don Alejandro Dopico Rodríguez, dona Rocío Aurora Bertoa Puente, don Juan José Franco Casal, dona Juana Barro Couto, don José Andrés Serantes Panceiras, don Iván Puentes Rivera, don Antón Lois Noceda Carballo, dona Amalia García Balado, dona María Carmen Silvar Canosa, don José Antonio López Rodríguez, don Juventino José Trigo Rey, dona Rita María Couto Seijido, don Manuel Polo Gundín, dona Inés Roca Requeijo, don Justo Martínez Ardá e dona María Carmen Martínez Rodríguez.

Secretaria:

Dona Estefanía Manteiga Lamas.

Interventora:

Dona Marta Roca Naveira.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. PRONUNCIAMENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA DA SESIÓN

Toma a palabra o alcalde para xustificar a urxencia de sesión e di que, en canto ao punto 2º da orde do día, é urxente remitir canto antes á Deputación Provincial a retificación do erro; sobor dos puntos económicos da orde do día é urxente facer fronte a gastos xerados polas obras do POS e o financiamento da obra de Bouza da Pena e, por último lugar, en canto ao último punto da orde do día, a aprobación do acordo relativo ao establecemento de límites para o pago da incapacidade temporal e accidentes de traballo é urxente porque ten que ser acordado antes do día 14.

Sometida a votación a urxencia da sesión é ratificada pola unanimidade dos concelleiros.

2. PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, APROBACIÓN, SE PROCEDE DA RECTIFICACIÓN DO ERRO MATERIAL DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DTC 94 APROBADA NA SESIÓN PLENARIA DE DATA 28 DE SETEMBRO DE 2012

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía:

<< PROPOSTA DA ALCALDÍA

Na pasada sesión plenaria de 28 de setembro de 2012 o Concello de Fene acordou a solicitude de participación no plan provincial DTC 94, acordo no que se detectou un erro material, xa que non se incluiu a achega do POS 2012 para gasto corrente.

O artigo 105 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común establece:

<< Las Administraciones públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos.>>

En base ao que antecede, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Retificar o erro material detectado de forma que o acordo quede como segue:

<<1º) Participar no "Plan DTC 94 Unha deputación para todos os concellos" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada a seguinte finalidade:

A) Obras e suministros:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
AGLOMERADO DO CAMIÑO DE SOUTO DA RIBEIRA E DA RÚA DO POETA PÉREZ PARALLE EN MANIÑOS	41.530,81 € (IVE incluído)	0,00€	41.530,81 €
ADECUACIÓN DE EQUIPAMENTO EN 6 PARQUES INFANTÍS EN FENE E OUTROS	37.168,88 € (IVE incluído)	0,00€	37.168,88 €
T O T A L	78.699,69 €	0,00 €	78.699,69 €

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos.

B) Financiamento do gasto corrente do concello da anualidade 2012

Concello	Cantidade asignada neste plan que se aplica ao financiamento dos gastos correntes 2012	Achega POS 2012 de gasto corrente	Outras achegas
Fene	132.887,20 €	137277,36 €	0,00 €

C) Resumo

	Deputación	Concello	Outras achegas	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS	78.699,69 €	0,00 €	0,00 €	78.699,69 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	132.887,20 €	497.703,41 €	0,00 €	630.590,61 €

TOTAL	211.586,89 €	497.703,41 €	0,00 €	709.290,30 €
-------	--------------	--------------	--------	--------------

2º) Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra.

3º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou do gasto corrente para o que se solicita a achega provincial, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achegarase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

4º) Autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.>>

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á Deputación Provincial da Coruña.

Fene, 10 de outubro de 2012

O alcalde
Gumersindo P. Galego Feal>>

Sometida a votación a ratificación da inclusión do asunto na orde do día, esta é aprobada pola unanimidade dos concelleiros.

Intervén o voceiro do BNG, don Manuel Polo Gundín, que anuncia a abstención do seu grupo debido a que ese foi o sentido do seu voto cando se aprobou a solicitude de participación neste plan provincial, querendo manter, polo tanto, o seu grupo o sentido dese voto.

Sometido o asunto a votación é aprobado por maioría absoluta de 12 votos a favor, 6 do grupo do PP, 5 do grupo socialista e 1 do grupo mixto, con 5 abstencións do grupo do BNG.

3. PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, APROBACIÓN, SE PROCEDE DO EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 4/2012

Consta no expediente providencia da alcaldía, memoria xustificativa, certificación e informe favorable con observacións de intervención de 5.10.2012 e a seguinte proposta da alcaldía:

<< PROPOSTA DA ALCALDIA

A Alcaldía propón á Comisión de Facenda, que pola mesma se dictamine favorablemente o expediente de concesión de suplemento de crédito, e se propoña ó concello Pleno a adopción de acordo, con fundamento na seguinte

EXPOSICION DE MOTIVOS:

Na memoria adxunta ó expediente, expoñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Vistos os informes e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sométese ó dictame desta Comisión a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

1º. Aproba-lo expediente nº 3/2012 de Suplemento de Créditos por un importe global de 37.805,07€segundo o seguinte detalle:

Aplicación orzamentaria suplementada:

APLICACIÓN ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE (€)
161/1w/62300	Saneamento, abastecemento e distribución de auga. Saneamento e abasecemento Bouza da Pena (Maniños)	28805.07
453/8c/60102	Estradas. Investimentos POS 2008	9000
TOTAL		37805.07

Medios de financiación do gasto.-Proponse que a financiación se realice con cargo a baixas por anulación de créditos da seguinte aplicación orzamentaria:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		CONSIGNACION ANTERIOR	MODIFICACIONES ANTERIORES	DISMINUCION	CREDITO DEFINITIVO
CODIGO	DENOMINACION				
161/1c/63300	Saneamento, abastec. E distribuc. Auga. Renovación rede abastecemento Avda. Porta do Sol	0.00	+193032.08 -164227.01	-28805.07	0.00
453/1f/60103	Estradas. Obras POS/200+9	0.00	311382.62	-9000.00	302382.62
TOTAL	37805.07				

O expediente estará condicionado, en todo caso, á adopción do acordo polo Pleno da Corporación de cambio de finalidade do crédito concertado co BBVA no exercicio 2010 por importe de 463705.85 €.

2º.- Financia-lo expediente nº 04/2012 de suplementos de créditos mediante o baixas por anulación de créditos por importe total de 37805.07 euros.

3º.- De conformidade co establecido no artigo 177.2 do RDL2/2004, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do apartado 1 do presente acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

4º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado e unha vez publicado, no caso de que durante o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións.

Fene, 5 de outubro de 2012

O alcalde,

Asdo. Gumersindo P. Galego Feal.>>

Sometida a votación a ratificación da inclusión do asunto na orde do día, esta é aprobada pola unanimidade dos concelleiros.

Sometido o asunto a votación, é aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

4. PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, APROBACIÓN, SE PROCEDE DO EXPEDIENTE DE BAIXA POR ANULACIÓN DE CRÉDITOS 1/2012

Consta no expediente providencia da alcaldía, memoria xustificativa, informe favorable de intervención de 5.10.2012 e a seguinte proposta da alcaldía:

<< ASUNTO.- EXPEDIENTE DE BAIXA POR ANULACION DE CREDITOS 1/12

Proponse á Comisión de Facenda, que pola mesma se dictamine favorablemente o expediente de concesión de baixa por anulación de créditos nº 1/2012, e se propoña ó Concello Pleno a adopción de acordo, con fundamento na seguinte

EXPOSICION DE MOTIVOS.

Na memoria adxunta ó expediente, expoñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Visto o informe e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sométese ó Pleno da corporación, previo dictamen da Comisión a seguinte

PROPOSTA:

1º. Aprobar o expediente nº 01/2012 de baixa por anulación de créditos por un importe global de 220908.86 €, conforme ó seguinte detalle:

Estado de Gastos

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CREDITO INICIAL	MODIFICACIÓN PREVISTA	MODIFICACION S REALIZADA	CREDITO DEFINITIVO
151/22798	80800	-56681.85	0.00	52459,08
161/1c/63300	0.00	-164227.01	193032.08	28805.07

Estado de Ingresos

SUBCONCEPTO	PREVISION INICIAL	MODIFICACIÓN PREVISTA	MODIFICACION S REALIZADA	PREVISION DEFINITIVA
45080	423573.30	-56681.85	28340.93	395232.38
76100	0	-164227.01	+164227.01	0.00

Fene, a 5 de outubro de 2012

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo. Gumersindo Pedro Galego Feal.>>

Sometida a votación a ratificación da inclusión do asunto na orde do día, esta é aprobada pola unanimidade dos concelleiros.

Sometido o asunto a votación, é aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

5. PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, APROBACIÓN, SE PROCEDE DO EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN PARCIAL DO PRÉSTAMO NÚM. 9546466969 FORMALIZADO CO BBVA NO EJERCICIO 2010

Consta no expediente providencia da alcaldía, informe favorable de intervención de 5.10.2012 e a seguinte proposta da alcaldía:

<< Vista a providencia da Alcaldía de 5 de outubro de 2012 na que se expoñen a necesidade e motivos para acordar unha desafectación parcial do préstamo concertado co BBVA no exercicio 2010.

Así, resulta necesario, dunha banda, proceder á iniciar o expediente para a contratación das obras incluídas na anualidade do exercicio 2012 do Plan de Cooperación cos Concellos da Deputación Provincial, en concreto, a obra de "Saneamento e abastecemento en Bouza da Pena (Maniños)" e non existindo neste momento crédito suficiente no nivel de vinculación da aplicación orzamentaria 161/1w/62300 para asumir o importe da achega municipal comprometida por este concello para a execución das obras.

Considerando que esta obra ven a substituír a obra denominada "Renovación da rede de abastecemento en Avda Porta do Sol" (obra tamén incluída no PCC) dado a inviabilidade técnica do proxecto, e considerando asimismo que esta obra estaba financiada parcialmente (28805.07 €) co préstamo concertado no ano 2010 co BBVA por un montante total de 463705.85 €, faise pois necesario neste momento, efectuar unha desafectación do citado préstamo por importe de 28805.07 € para poder facer fronte neste momento á aportación municipal comprometida nas obras de "Abastecemento e saneamento Bouza da Pena (Maniños)", obra que, en definitiva ven a substituír á obra "Renovación da rede de abastecemento en Avda Porta do Sol".

Resultando pois que os créditos para a contratación das obras de "Renovación rede abastecemento avda. Porta do Sol" finalmente non van a ser empregados ó desistirse da execución destas obras, isto determina que existe un sobranse no préstamo concertado no ano 2010 e afectado a esa finalidade,

Considerando, por outra banda, que en relación coas obras incluídas no POS 2009 (453/1f/60103) que a día de hoxe se atopan adxudicadas, resultaría pois que existiría un sobranse na aportación municipal dotada inicialmente (cun importe de 54018.52 €), aportación que se atopa financiada na súa integridade co préstamo concertado co BBVA no ano 2010. E, logo de ver, a necesidade de incrementar o crédito da aplicación 453/8c/60102 ó que se imputan os gastos das obras incluídas no POS/2008 toda vez que trala adxudicación das mesmas o crédito inicialmente dotado resulta insuficiente debido, dunha banda, o maior gasto derivado da contratación externa das dirección de obra e, pola outra, debido á necesidade de asumir o custe derivado do incremento do tipo impositivo do IVE, todo isto determina igualmente a existencia dun sobranse no préstamo concertado no ano 2010 e afectado ás obras incluídas no POS/2009.

E tendo en conta que o mantemento duns préstamos non utilizados, coa conseguinte carga financeira que estes comportan, constitúe unha situación totalmente antieconómica.

Visto que unha vía de utilización dos devanditos sobrantes constitúe unha modificación de crédito consistente ben nun crédito extraordinario ben nun suplemento de crédito.

Esta Alcaldía, co obxecto de proceder a unha aplicación parcial de ditos excesos de financiación propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: aprobar a seguinte modificación de finalidades do préstamo nº 9546466969 formalizado co BBVA no exercicio 2010 por importe de 463.705.85 euros:

- Novas inversións a dotar:

Nº Proxecto	Denominación	Importe (€)
8 c	Obras POS /2008	9000.00
1w	Saneam abast. Bouza Pena (PCC/2012)	28805.07
TOTAL-----		37805.07

- Inversións substituídas polas anteriores:

Nª proxecto	Denominación	Importe (€)
1f	Obras POS/2009	9000.00
1c	REnov. Abastec. Porta Sol(PCC/2010)	28805.07
TOTAL-----		37805.07

SEGUNDO: Dar traslado á Intervención, Tesourería municipais.

En Fene, a 5 de outubro de 2012
O ALCALDE
Asdo. Gumersindo Pedro Galego Feal>>

Sometida a votación a ratificación da inclusión do asunto na orde do día, esta é aprobada pola unanimidade dos concelleiros.

Sometido o asunto a votación, é aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

6. PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, APROBACIÓN, SE PROCEDE DA PROPOSTA SOBRE O ESTABLECEMENTO DE LÍMITES PARA O PAGO DA INCAPACIDADE TEMPORAL E ACCIDENTES DE TRABALLO

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía:

<< PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN SOBRE O ESTABLECEMENTO DE LÍMITES PARA O PAGO DA INCAPACIDADE TEMPORAL E ACCIDENTES DE TRABALLO.

Con data 14 de xullo do 2012 publicouse no BOE número 168 o Real Decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade. Esta norma introduce unha nova regulación na prestación económica para as situacións de incapacidade temporal (IT en adiante) do persoal ao servizo das Administracións Públicas, organismos e entidades dependentes e órganos constitucionais.

Esta regulación, contida no título I da norma, goza de carácter básico, como precisa a Disposición final cuarta, e polo tanto resulta aplicable a todas as Administracións Públicas ao ser ditada ao amparo dos artigos 149.1.13 e 149.18.18 da Constitución Española.

O artigo 9 do citado Real Decreto Lei 20/2012, en relación á prestación económica por IT, determina que cada Administración poderá complementar as prestacións que perciba o persoal funcionario e laboral ao seu servizo nas situacións de IT, dentro dos límites establecidos.

Tendo en conta que a Disposición transitoria decimoquinta da citada norma sinala que as previsións relativas a prestacións económicas na situación de IT deberán ser desenvolvidas polas Administracións no prazo de tres meses dende a publicación do presente Real Decreto lei.

Despois de ter lugar a negociación cos representantes dos empregados públicos nos termos esixidos.

Polo tanto, en aplicación do disposto no apartado 2 do artigo 9 do Real Decreto-lei 20/2012 do 13 de xullo de medidas para garantir a estabilidade presupostaria e de fomento da competitividade, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- O Concello de Fene, no ámbito das súas competencias, e de acordo co establecido no artigo 9 do Real Decreto-lei 20/2012, complementarará a partir do día 15/10/2012, as prestacións que percibirá o persoal funcionario incluído no Réxime xeral da seguridade social e o persoal laboral ao seu servizo nas situacións de incapacidade temporal, de acordo co seguinte detalle:

1.1.- Aboarase un complemento, ata alcanzar o 100% das retribucións que se veñan percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade, dende a data de inicio, nos supostos de incapacidade temporal por continxencias profesionais, así como nos supostos de incapacidade temporal por continxencias comúns xerados por:

- Hospitalización, e incapacidade transitoria derivada da mesma
- Intervención cirúrxica e recuperación postoperatoria
- Lesións graves ou enfermidades incapacitantes debidamente acreditadas mediante o correspondente informe/parte médico oficial.
- Enfermidades recollidas no anexo do Real Decreto 1148/2011, de 29 de xullo, para a aplicación e desenvolvemento, no sistema da Seguridade Social, da prestación económica por coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave

Igualmente, o persoal municipal tamén percibirá un complemento á prestación económica que perciba ata acadar o 100% das retribucións nas situacións de:

- Maternidade.
- Risco por embarazo.
- Risco durante a lactancia natural.
- Paternidade.
- Incapacidade por enfermidade común, durante o embarazo, e derivada de dita situación de embarazo; para isto deberase presentar, xunto co parte de baixa, un informe médico que acredite que a enfermidade é consecuencia directa do embarazo ou que se deriva do mesmo

- Incapacidade Temporal sen hospitalización provocada por enfermidades/patoloxías crónicas, dexenerativas, irreversibles e/ou incurables. Neste caso, se require a existencia de diagnóstico/informe médico oficial que acredite que as situacións de incapacidade temporal se derivan de ditas enfermidades/patoloxías

1.2- Nos restantes casos de incapacidade temporal que se derive de continxencias comúns o complemento calcularase de conformidade coas seguintes regras:

a) Dende o primeiro día da situación de incapacidade temporal ata o terceiro día, inclusive, aboarase un complemento ata acadar o 50% das retribucións que se viñan percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

b) Dende o cuarto día da situación de incapacidade temporal ata o vixésimo día, ambos inclusive, aboarase un complemento ata acadar o 75% das retribucións que se viñan percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

c) A partir do vixésimo primeiro día, inclusive, aboarase un complemento ata acadar o 100% das retribucións que se viñan percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

Segundo.- En todo o non contemplado, de xeito específico, nas presentes normas, deberase estar ao previsto, ao respecto desta materia, no referido RDL 20/2012, de 13 de xullo, así como na restante normativa que, en cada momento, resulte de aplicación.

En todo caso, no tocante á normas de tramitación que deban rexer a aplicación práctica do réxime retributivo, en situación de incapacidade temporal, que se ven de clarificar, estarase ao disposto nas Instrucións emitidas pola Dirección Xeral de Función Pública da Xunta de Galicia, con data de 7 de maio de 2012, sobre aplicación dos complementos de incapacidade temporal. Instrucións que, en calquera caso, resultarán aplicables mentres non se elaboren, no propio Concello, unhas propias e específicas, ou ata que, de ser o caso, deban ser substituídas por outras que, por aplicación das previsións normativas vixentes en cada momento, resulten de obrigado cumprimento.

Terceiro.- Enténdense suspendidos os artigos correspondentes do Acordo do Personal Funcionario e Convenio Colectivo que contradigan o contido do presente acordo, sin perxuízo de que, nun momento posterior se proceda á modificación dos mesmos.

Cuarto.- Publicar este acordo no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello

Quinto.- Dar conta aos representantes sindicais dos traballadores.

Fene, a 8 de outubro de 2012.
O Alcalde
Asdo. Gumersindo Pedro Galego Feal.>>

Consta emitido o seguinte informe da intervención, conformado pola secretaría municipal:

<<INFORME DE INTERVENCION

ASUNTO.- PROPOSTA SOBRE O ESTABLECEMENTO DE LÍMITES PARA O PAGO DA INCAPACIDADE TEMPORAL E ACCIDENTES DE TRABALLO.

Marta Roca Naveira, Interventora do Concello de Fene, en relación co asunto mencionado emite o seguinte INFORME

Como cuestión previa ó que logo se dirá esta Intervención quere deixar constancia do escasísimo tempo hábil para a emisión do presente informe toda vez que o expediente (proposta da Alcaldía e acta da mesa negociadora celebrada o día 08/10/2012) é remitida no día da data ás 10:00 horas, é polo que as presentes consideracións poderán ser ulteriormente ampliadas e/ou matizadas.

Antecedentes

- RDL 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das FACendas Locais.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, LBRL.
- Lei de Administración Local de Galicia
- RD Lei 20/2012, do 13 de xullo.
- Nota informativa do Ministerio de FACenda e AAPP sobre "Criterios para la aplicación del Título I del Real Decreto-Ley 20/2012, de 13 de julio, de medias para garantizar la estabilidad presupuestaria y de fomento de la competitividad en el ámbito de las Comunidades Autónomas y de las entidades locales.
- DEmais normativa que resulte de aplicación

Informe

Primeiro.- O artigo 9 RDL 20/2012, establece que cada AAPP, no ámbito das súas competencias poderá complementar as prestacións que perciba o seu personal en situación de IT ata uns determinados límites.

A cuestión radica en establecer si a Administración ten a competencia para facelo. Neste sentido, si ben, para o caso do personal laboral non existe dúbida ó respecto, no caso do funcionariado se plantexaron mais dúbidas, pois existían opinións que viñan a considerar que a administración local nunca tivo competencias para elo toda vez que a Disposición final 2ª da Lei 7/1985 establece no seu apartado 1º que los funcionarios públicos de la Administración local tendrán la misma protección social, en extensión e intensidad, que la que se dispense a los funcionarios públicos de la Administración del Estado y estará integrada en el sistema de Seguridad Social", disposición que non parece ter sido derogada. Así se pronunciaron diversas sentencias do Tribunal Supremo que, como a de STS 30/10/1995 STS Sala 3ª de 30 octubre 1995 (EDJ 1995/6509) y 04/12/1995 STS Sala 3ª de 4 diciembre 1995 (EDJ 1995/8010) "...ni la Seguridad Social, ni la protección social, ni las licencias de los funcionarios, son materias sobre las que no tiene competencia la Corporación Municipal para negociar, al hallarse reguladas en la legislación estatal".

Non obstante, existen outras opinións que manteñen que a nova normativa deixaba sin efecto a Lei de Bases de Réxime Local entendendo, polo tanto, que a partir da mesma, as Corporacións Locais sí que teñen competencia para abordar os complementos por IT dos seus funcionarios.

Sen perxuízo dos futuros pronunciamentos xurisprudencias que neste sentido poidan producirse, esta cuestión parece quedar aclarada a través da nota informativa do Ministerio de FACenda e Administracións Públicas sobre "Criterios para a aplicación do Título I do Real Decreto Lei 20/2012, de 13 de xuullo, de medidas para garantizar a estabilidade presupostaria e de fomento da competitividad no ámbito das CCAA e as entidades locais nota que, en todo caso, ten un carácter meramente informativo e polo tanto non vinculante. Así, esta nota ben a expresar neste sentido que:

"Objetivo y ámbito

Este artículo viene a **homogeneizar las percepciones económicas de los empleados públicos en situación de incapacidad temporal acogidos al régimen general de seguridad social** y al mutualismo administrativo.

El objetivo que la misma busca, como en el conjunto del Título I, es una mayor eficiencia y eficacia en la actuación de los recursos humanos y una reducción del absentismo, otorgando a las distintas Administraciones Públicas distintas posibilidades de aplicación según sus necesidades y características.

El nuevo sistema retributivo se aplica a las incapacidades que tengan inicio a partir del momento en que cada Administración lleve a cabo la adaptación normativa requerida en el Decreto Ley, y a más tardar a partir del 15 de octubre de 2012. Si bien para los funcionarios de mutualidades esta previsión de fecha no se establece expresamente, la garantía de igualdad de trato que se prevé entre los de uno y otro régimen de Seguridad Social lleva a que la fecha de entrada en vigor deba ser la misma.

Por tanto, el nuevo sistema retributivo es de aplicación en el momento en el que así lo disponga cada Administración, y para todo el personal de su ámbito, cualquiera que sea la naturaleza jurídica de su relación de servicios, funcionario o laboral, y su régimen de seguridad social. En todo caso, la aplicación de estas previsiones será respecto de las situaciones producidas desde el 15 de octubre de 2012.

La nueva regulación se aplica estrictamente a lo que es incapacidad temporal, dejando al margen todo lo referido a situaciones de riesgo durante el embarazo, riesgo durante la lactancia, maternidad, etc.

Desarrollo del precepto por cada Administración

Cada Administración Pública podrá complementar las prestaciones de Seguridad Social que perciba el personal funcionario incluido en el Régimen General de Seguridad Social y el personal laboral a su servicio en las situaciones de incapacidad temporal, dentro de los límites retributivos previstos en el Real Decreto Ley. Igualmente, cada Administración Pública podrá determinar, respecto a su personal adscrito a este régimen, cuáles son los supuestos en que, además de los ya previstos en el propio Real Decreto Ley, de hospitalización e intervención quirúrgica, con carácter excepcional desde el primer día de baja se puedan superar dichos límites retributivos, hasta un máximo del cien por cien de las retribuciones anteriores a la baja.

Por el contrario, respecto al personal de mutualidades administrativas, el Real Decreto Ley regula directamente las retribuciones a percibir durante la incapacidad temporal, por lo que el campo de actuación de cada Administración Pública se limita a determinar aquellos supuestos excepcionales en los que el funcionario va a percibir hasta un máximo del 100% de sus retribuciones antes de la incapacidad, supuestos estos que deberán coincidir, en su identificación y en el porcentaje retributivo aplicable, con los determinados para el régimen general, al establecerse una garantía de igual trato de los funcionarios de mutualidades respecto a los del régimen general.

A falta de desarrollo directo o de remisión expresa a la normativa que otra Administración cido, se ha de entender que no se introducen modificaciones a las previsiones del Real Decreto-ley.

La aplicación del nuevo sistema retributivo conlleva por motivos de seguridad jurídica el desarrollo de los oportunos mecanismos de control de las inasistencias del personal y de su justificación. En particular, y por lo que se refiere a las ausencias por enfermedad de hasta tres días sin que se aporte baja médica, cada Administración tendrá que arbitrar las herramientas que estime más adecuadas como puede ser la acreditación de la baja por otros medios, adelantar la fecha de presentación del parte de baja, o establecer la posibilidad de compensar las horas de trabajo de ausencia por enfermedad en la forma en que se acuerde en cada caso.

Se entiende, por ello, que es necesario que cada Administración determine de forma inequívoca los términos en que va a aplicar el nuevo sistema con conocimiento de los interesados."

Segundo.- A proposta que se somete a consideración do pleno da corporación desenrola o artigo 9 do RDL 20/2012 dentro dos límites que este determina como máximos.

Non obstante o anterior, a proposta ven a asimilar as situación de maternidade, paternidade, risco durante o embarazo e lactancia ás situacións de incapacidade temporal, neste sentido cómpre advertir que, entende esta informante, que a nova regulación contida no RDL 20/2012 está prevista unicamente para as situacións de incapacidade temporal polo que as situacións antes mencionadas - e segundo a propia Lei de Seguridade Social- non poden ser calificadas como tal.

Ademais do anterior, non pode descoñecerse que a día de hoxe estas situacións xa veñen protexidas co 100%.

Terceiro.- O Real decreto Lei dice que se complementarán as " *las retribuciones que vinieran correspondiendo...en el mes anterior*", tendo en conta que neste concello se ven distribuindo mensualmente una produtividade fixa e periódica (así como un complemento equivalente para o caso do personal laboral), entende esta informante que o sentido común e o espírito normativo levan a considerar que deben complementarse unicamente as retribucións fixas do mes anterior ó de causarse a incapacidade.

Cuarto.- A competencia correspóndelle ó Pleno da corporación (artigo 22.2 i)).

Conclusións

Esta Intervención, coa salvidade posta de manifestó como cuestión previa, informa favorablemente coas observacións manifestadas no apartado segundo e terceiro do presente informe.

Fene, a 10 de outubro de 2012.

A Interventora

Asdo.- Marta Roca Naveira.>>

Sometida a votación a ratificación da inclusión do asunto na orde do día, esta é aprobada pola unanimidade dos concelleiros.

Sometido o asunto a votación, é aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

Á vista do resultado da votación o pleno acorda:

Primeiro.- O Concello de Fene, no ámbito das súas competencias, e de acordo co establecido no artigo 9 do Real Decreto-lei 20/2012, complementará a partir do día 15/10/2012, as prestacións que percibirá o persoal funcionario incluído no Réxime xeral da seguridade social e o persoal laboral ao seu servizo nas situacións de incapacidade temporal, de acordo co seguinte detalle:

1.1.- Aboarase un complemento, ata alcanzar o 100% das retribucións que se veñan percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade, dende a data de inicio, nos supostos de incapacidade temporal por contingencias profesionais, así como nos supostos de incapacidade temporal por contingencias comúns xerados por:

- **Hospitalización, e incapacidade transitoria derivada da mesma**
- **Intervención cirúrxica e recuperación postoperatoria**

- **Lesións graves ou enfermidades incapacitantes debidamente acreditadas mediante o correspondente informe/parte médico oficial.**
- **Enfermidades recollidas no anexo do Real Decreto 1148/2011, de 29 de xullo, para a aplicación e desenvolvemento, no sistema da Seguridade Social, da prestación económica por coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave**

Igualmente, o persoal municipal tamén percibirá un complemento á prestación económica que perciba ata acadar o 100% das retribucións nas situacións de:

- **Maternidade.**
- **Risco por embarazo.**
- **Risco durante a lactancia natural.**
- **Paternidade.**
- **Incapacidade por enfermidade común, durante o embarazo, e derivada de dita situación de embarazo; para isto deberase presentar, xunto co parte de baixa, un informe médico que acredite que a enfermidade é consecuencia directa do embarazo ou que se deriva do mesmo**
- **Incapacidade Temporal sen hospitalización provocada por enfermidades/patoloxías crónicas, dexenerativas, irreversibles e/ou incurables. Neste caso, se require a existencia de diagnóstico/informe médico oficial que acredite que as situacións de incapacidade temporal se derivan de ditas enfermidades/patoloxías**

1.2- Nos restantes casos de incapacidade temporal que se derive de continxencias comúns o complemento calcularase de conformidade coas seguintes regras:

a) Dende o primeiro día da situación de incapacidade temporal ata o terceiro día, inclusive, aboarase un complemento ata acadar o 50% das retribucións que se viñan percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

b) Dende o cuarto día da situación de incapacidade temporal ata o vixésimo día, ambos inclusive, aboarase un complemento ata acadar o 75% das retribucións que se viñan percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

c) A partir do vixésimo primeiro día, inclusive, aboarase un complemento ata acadar o 100% das retribucións que se viñan percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

Segundo.- En todo o non contemplado, de xeito específico, nas presentes normas, deberase estar ao previsto, ao respecto desta materia, no referido RDL 20/2012, de 13 de xullo, así como na restante normativa que, en cada momento, resulte de aplicación.

En todo caso, no tocante á normas de tramitación que deban rexer a aplicación práctica do réxime retributivo, en situación de incapacidade temporal, que se ven de clarificar, estarase ao disposto nas Instrucións emitidas pola Dirección Xeral de Función Pública da Xunta de Galicia, con data de 7 de maio de 2012, sobre aplicación dos complementos de incapacidade temporal. Instrucións que, en

calquera caso, resultarán aplicables mentres non se elaboren, no propio Concello, unhas propias e específicas, ou ata que, de ser o caso, deban ser substituídas por outras que, por aplicación das previsións normativas vixentes en cada momento, resulten de obrigado cumprimento.

Terceiro.- Enténdense suspendidos os artigos correspondentes do Acordo do Personal Funcionario e Convenio Colectivo que contradigan o contido do presente acordo, sin perxuízo de que, nun momento posterior se proceda á modificación dos mesmos.

Cuarto.- Publicar este acordo no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello

Quinto.- Dar conta aos representantes sindicais dos traballadores.

Non habendo máis asuntos a tratar a presidencia declara rematado o acto sendo as 8:44 horas, de todo o que como secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria

Gumersindo Pedro Galego Feal

Estefanía Manteiga Lamas